



Primeiras valoracións da intervención realizada na Agra dos Castros, Marcelle (Lugo)

Roberto Bartolomé Abreira

No presente traballo ofrecemos unha síntese das primeiras valoracións sobre a intervención arqueolóxica levada a cabo nun asentamento inédito ata o momento.



Fig. 1. Situación do asentamento respecto ao río Miño e á cidade de Lugo.

Primeiramente debo referirme ao nome que de xeito equívoco se lle vén dando ao lugar onde se asenta o asentamento. Erroneamente chamado castro da Piringalla, a raíz do seguimento que se lle deu na prensa desde o seu descubrimento, o nome do lugar é coñecido polos habitantes da zona como A Agra dos Castros, topónimo que se mantivo ao longo do tempo, e pertencente ao núcleo rural de Marcelle.

Situado nunha posición estratéxica, a menos de 1 km ao leste do río Miño, na zona máis alta da ladeira delimitada polos cursos dos ríos Miño e Rato, e a uns 485 m.s.n.m. Trátase dun terreo no que abundan os mananciais de auga que serviron como zona de

captación para o posterior acueduto¹ da cidade romana, situada a escasos 1500 metros ao sueste do xacemento (fig. 1).

Aínda que o topónimo se conservou ao longo do tempo, o castro non estaba catalogado como tal, lóxico, por outra banda, se atendemos tanto á súa topografía chá como ao seu aspecto superficial, onde non se observa ningún elemento que fixese pensar que nos atopamos ante un asentamento deste tipo. Superficialmente non se aprecian evidencias de elementos defensivos como foxos, parapetos ou murallas. Trátase dunha zona aparentemente chá e sen cambios bruscos na topografía. Tampouco se aprecian restos de construcións en superficie, a pesar de aparecer a escasos centímetros da rasante actual e de ser unha zona moi alterada polos traballos agrícolas².

No ano 1996, coas obras de control arqueolóxico levadas a cabo para a instalación da rede de gasificación en Lugo³, apareceron varios fragmentos de materiais, sobre todo de época romana⁴, pero sen que se localizase ningunha estrutura relacionada con eles. Debido a isto, quedou documentada unha dispersión de materiais catalogada no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia co código GA 27028083, denominada Agra dos Castros.

1 Construído a menos de 500 metros ao sur do asentamento. Sobre o tema, Álvarez Asorey – Carreño Gascón – González Fernández, 2003.

2 Recordemos que se trataba dunha agra ou zona destinada a terras de labradío.

3 Martínez – Amado – Chao, 1998.

4 Martínez – Amado – Chao, 1998, 23-24.

A partir desta protección legal, as recentes obras de abastecemento de auga á cidade de Lugo, na zona afectada pola traza da gabia, requiriron dun control e seguimento arqueolóxico, realizado neste caso, e ao longo de toda a súa traza, pola arqueóloga Manuela Pérez Mato.

A necesidade da intervención de sondaxes arqueolóxicas que se levou a cabo no lugar de Marcelle entre os días 12 de decembro de 2007 e o 15 de febreiro do 2008, veu dada como consecuencia da apertura dunha gabia (fig. 2) sen o aviso previo aos arqueólogos responsables. Este sector estaba baixo cautela arqueolóxica, que obrigaba ao control e seguimento contínuo e presencial da apertura da gabia deseñada, ao estar documentada unha dispersión de materiais catalogada, como xa antes explicamos, no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia.




Fig. 2. Zona afectada polo trazado da gabia.

Como consecuencia diso, despois da inspección dos técnicos da Xunta de Galicia e facendo uso das súas competencias, foi solicitado un Informe de Incidencias⁵ á arqueóloga encargada do control e seguimento arqueolóxico, no cal se recollían pormenorizadamente os danos producidos pola apertura desa gabia na zona de cautela, así como a comunicación dos novos achados, entre os que destacaban tres foxos (un no sector leste e dous no sector oeste da gabia) xunto a unha serie de estruturas pétreas, conformadas por laxas de lousa unidas entre si mediante argamasa arxilosa. Neste Informe de Incidencias tamén se recollía a aparición dun nivel de paleosolo sobre o cal se documentaron

⁵ Pérez Mato, 2007.

varios buratos de poste con calzos, evidenciando xa neste primeiro momento diferentes niveis de ocupación no lugar, que posteriormente se vería confirmado coa realización dos estudos posteriores.

Á vista do Informe, establecéronse unha serie de medidas compensatorias por parte da Administración autonómica, consistentes na execución dunha intervención arqueolóxica que comprendese a realización de tres sondaxes manuais na zona de maior concentración de estruturas afectadas, así como a escavación dunha parte representativa dos foxos localizados, todas elas co fin de recuperar a maior cantidade de información e deste xeito contextualizar os restos aparecidos despois da apertura da gabia.




Fig. 3. Planta xeral da intervención, coa situación das sondaxes e dos foxos localizados.

Unha vez realizada esta primeira intervención, consensuouse cos técnicos da Xunta de Galicia a ampliación da intervención na parte leste da gabia, co fin de deseñar un trazado para o tramo que faltaba por abrir ata chegar ao seu fin e deste modo evitar a afección patrimonial sobre outros restos.

Os traballos arqueolóxicos deste proxecto foron realizados baixo a coordinación dos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte, de acordo co establecido no artigo 15º do Decreto 199/97, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, que consistiu, como xa antes manifestamos, na escavación arqueolóxica das 3 sondaxes manuais

xunto cos foxos localizados, aos que posteriormente se lles sumaría a intervención levada a cabo na zona leste, denominada Sondaxe 4 (fig. 3).

Primeiras valoracións

En canto ás primeiras valoracións da intervención, á espera de rematar o estudo completo dos materiais rexistrados, así como das mostras recollidas, e tendo en conta que tan só se tratou dun estudo parcial, cabe sospeitar que nos atopamos ante un asentamento que posúe unhas dimensións considerables, con diferentes fases de ocupación e cun extraordinario potencial no ámbito da investigación, tanto para a propia historia da cidade de Lugo como para o coñecemento do proceso de aculturación e romanización do territorio.

Nesta ocupación distínguense varias fases, cuxa caracterización resumimos brevemente:

Fase prerromana

A primeira das fases de ocupación documentada, relacionada cos diferentes elementos defensivos atopados, como foxos e parapetos, pertence a un período prerromano se atendemos tanto á estratigrafía como aos materiais cerámicos recuperados (fig. 4), posiblemente da fase final da Idade do Ferro, xa moi preto do cambio de Era.



Fig. 4. Restos de cerámica castrexa atopada na escavación.

Estes elementos defensivos, consistentes en varios foxos⁶ escavados no substrato natural, así como parapetos térreos⁷, do que á espera de posteriores intervencións que poidan corroborar ou non a nosa hipótese, deducimos que foron desmontados intencionadamente na seguinte fase, aproveitando o seu volume de terra para, deste xeito, encher de terra os foxos co fin de amortizar o conxunto de elementos defensivos do asentamento e crear unha nivelación do terreo.



Fig. 5. Foxo 1. Perfil sur da gabia.

6 Lembremos que finalmente foron documentados en total seis foxos defensivos, dous cara ao oeste, onde a topografía é máis favorable para as condicións defensivas, xa que se inicia unha pendente continua dende o asentamento ata o río Miño, e catro foxos cara ao lado leste do asentamento, onde o terreo é máis chan. É por isto último que pensamos pode ser un dos motivos da maior concentración de elementos defensivos na parte leste do asentamento.

7 Documentados a ambos os lados do asentamento, aínda que moi arrasados a nivel superficial, tanto na parte leste, entre o foxo nº 1 e os restos das construcións xa dentro do recinto defensivo, como na parte oeste, entre o foxo nº 2 e os restos das construcións interiores do recinto. É posible que tamén existise outro parapeto térreo entre os foxos 1 e 4, na zona leste do asentamento (non documentado cara ao oeste), sobre o que posteriormente se realizaron construcións pétreas de época romana, unha vez desmontado a nivel superficial. Parapetos que tal e como se puido comprobar, eran térreos, realizados a base de arxila local e lousa disgregada procedentes do zócolo natural, procedente con case toda probabilidade dos excedentes producidos da escavación dos fosos.

A construción dos elementos defensivos desta primeira fase foi realizada mediante a escavación de cavas⁸ no substrato natural, chegando algúns deles aos 5 metros de profundidade e 9 metros de ancho como no caso do foxo 1 (fig. 5). O material procedente desa escavación⁹ é posible que fose utilizado para a construción dos parapetos defensivos situados entre o poboado e os foxos 1 e 2, e o localizado entre os foxos 1 e 4. Os restos de parapetos atopados (todos eles arrasados a nivel superficial) están compostos por arxila local e lousa disgregada procedentes do zócolo natural, estériles en canto a materiais arqueolóxicos e depositados por riba dun nivel de paleosolo.

Os elementos construtivos de habitación, relacionados con case toda seguridade (á espera de posteriores intervencións) cos elementos defensivos anteriormente tratados, estarían baseados nunha gran cantidade de buratos de poste (a maioría deles con calzos, fig. 6), canais e fondos de cabana, e non se atopan ningún elemento construtivo pétreo, como no caso das fases posteriores de época romana. Restos que foron atopados nun estado case completo de arrasamento, pois por riba deles (fig. 7) foron realizadas diferentes edificacións en épocas posteriores, sobre todo durante o período flavio, xunto á parcialidade da súa escavación debido a que non se puido actuar en grandes superficies en área.

Entre os materiais recuperados desta fase destacamos a cerámica indíxena de tipo castrexa (fig. 4), a ausencia de materiais de época romana, e unha arracada de ouro, que aínda que foi atopada nun nivel de ocupación posterior, ten unha clara orixe prerromana, e non é de estrañar a súa perduración no tempo debido ao material que foi realizada.

8 Non sabemos de que xeito está conformado o recinto defensivo no resto do asentamento, xa que tan só se actuou na banda de expropiación a ambos os lados do trazado da gabia, en dirección leste-oeste, polo que ata o momento é imposible definir con exactitude o seu tramado. Se ben nós pensamos que os dous primeiros foxos a ambos os lados, é dicir, os foxos 1, 2, 3 e 4, se poden corresponder con dous aneis defensivos perimetrais, os outros dous foxos documentados cara ao leste, foxos 5 e 6, poden ser foxos levantados nesa zona máis alta, topograficamente falando, sen que pechen o perímetro do poboado. O perfil destes foxos é en V aínda que coa base moi aplanada, posúen unha caída moito máis pronunciada no seu escarpe interior, próximo ao poboado, e con maior verticalidade que no escarpe exterior cara a fóra, onde a caída é menos pronunciada e se produce de xeito gradual.

9 Os foxos foron escavados no zócolo natural, agás na parte superficial, onde cortan un posible nivel de paleosolo anterior.



Fig. 6. Buratos de poste por debaixo dos niveis anteriores ás construcións romanas na Sondaxe 1.



Fig. 7. Muro do período flavio construído sobre os restos de fondos de cabana e buratos de poste de fases anteriores.

Como xa se comentou anteriormente, a nivel superficial non se evidencia ningún tipo de elemento defensivo debido ao completo arrasamento que sufriron co desmonte dos parapetos térreos, utilizados con case toda probabilidade para o recheo con terra dos foxos existentes, e que tan só se puideron observar nos perfís resultantes (fig. 5) da gabia aberta para a instalación dos novos entubados.

Fase xulio-claudia

Posteriormente á primeira fase prerromana, documentamos unha segunda etapa construtiva na que se aprecia un cambio nas técnicas de construción dos espazos para habitacións, coa utilización de muros de cachotería de lousa mesturada con outro tipo de pedra, como a cuarcita, combinados á súa vez con buratos de poste e canais, e aparecen por primeira vez materiais de época romana como restos de *tégula*, un denario de Tiberio¹⁰ e cerámica común dunha fase temperá, de clara tradición indíxena e con diferenzas á realizada na cidade de *Lucus Augusti*¹¹ nese mesmo período. Esta segunda fase de ocupación do asentamento podería corresponderse probablemente co período no que se eliminaron os diferentes elementos defensivos de que dispoñía o poboado, unha vez a cidade de *Lucus Augusti* estaba plenamente consolidada, pasado xa o cambio de Era.

Fase flavia ata o século III



Fig. 8. Estancia na Sondaxe 2, realizada en cachotería de lousa.

A seguinte etapa construtiva que atopamos durante a realización da intervención caracterízase pola construción de edificacións a base de muros de cachotería de lousa tomados con arxila local, cunha clara tipoloxía construtiva

¹⁰ Acuñado en *Lugdunum* entre o 14 e o 37 d.C.

¹¹ Sobre o tema, Alcorta Irastorza, 2001.

romana (fig. 8), igual que os aparecidos na cidade durante as mesmas datas, deixándose de utilizar, como elemento construtivo maioritario, os buratos de poste. Entre os materiais recuperados aparecen restos de instrumentos de tear, como fusaiolas e pesas, ademais de *tégula*, T.S. (a maioría Hispánica, de época flavia), cerámica común, vidros, fichas de xogo, unha lucerna de importación¹², muíños circulares e abundantes bronzes e obxectos de ferro. Unha primeira aproximación ao estudo dos materiais recuperados desta fase, sitúaos a partir da primeira metade do século I, sobre todo a partir de época flavia, ata finais do século II e principios do III.



Fig. 9. Estancias da Sondaxe 4.

Esta fase construtiva, plenamente romana, é a predominante no conxunto da intervención, é dicir, a que deixou maior cantidade de restos da súa ocupación no asentamento, con abundantes muros de distintas edificacións asociados a pavimentos de arxila fortemente compactada, localizando ademais dous fogares no interior doutras tantas estancias, en concreto nas sondaxes 2 e 3. É posible que fose tamén durante esta fase de ocupación do asentamento, no

¹² En principio, e dadas as características da pasta, é moi probable que se trate dunha produción bética ou meseteña; o seu fondo molurado e lixeiramente próximo á ubicación da asa e non centrado co disco, podería levarnos a unha lucerna de disco e non de volutas, probablemente unha Dressel 18 o 19, dado o tamaño do fondo. Cunha cronoloxía que abarcaría desde a segunda metade do século I d.C. a principios do século II.

período flavio, aínda que faltan datos e posteriores intervencións que o confirmen, o momento de funcionamento do complexo artesanal localizado na Sondaxe 4, na parte nordeste do asentamento, onde se documentaron dúas estancias (fig. 9) con pavimentos de arxila fortemente compactada xunto aos restos dun forno de fundición, delimitados a ambos os lados (leste e oeste) por dous muros de contención, co fin de gañar espazo cara aos foxos (previamente recheos con terra), tanto polo oeste, cara ao foxo 1, como ao leste, cara ao foxo 4. Hai que destacar a situación deste espazo artesanal, situado entre os foxos 1 e 4, recheos con terra con anterioridade, e sobre os restos, xa nivelados, do que puido ser un parapeto térreo da primeira fase de ocupación do asentamento.

Fase final

Finalmente, evidenciamos a última etapa construtiva, aínda que ata o momento tan só dispoñemos dos datos achegados pola estratigrafía, con restos de dous muros construídos con posterioridade aos do período anterior, e en moi mal estado de conservación, case a nivel superficial, sen niveis de ocupación asociados a estes, polo que se trata posiblemente da última fase de ocupación do asentamento, ou cando menos, da zona obxecto da intervención.

Conclusións

Como valoración final temos que destacar a importancia dos resultados obtidos; desde un punto de vista cuantitativo, pola gran cantidade de datos documentados e dos que ata hai ben pouco non tiñamos constancia ningunha, e tamén desde un punto de vista cualitativo, xa que estes datos, que ata o momento eran inéditos, axudarán a aumentar o coñecemento do proceso de aculturación e romanización nun ámbito que non só achega datos do asentamento en si mesmo, senón que tamén poden axudar a interpretar e entender este proceso nun lugar próximo e vinculado dalgunha maneira, como é a cidade romana de Lucus Augusti.

Bibliografía

- ALCORTA IRASTORZA, E. J. (2001): *Lucus Augusti. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*, vol. II, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.
- ÁLVAREZ ASOREY, R. – CARREÑO GASCÓN, M^ª. C. – GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2003): *Aqua Urbi. Historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo (época romana-século XX)*, *Traballos de Arqueoloxía*, 1. Concello de Lugo.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M^ª. C. – AMADO REINO, X. – CHAO ÁLVAREZ, F. J. (1998): La Arqueología en la gasificación en Galicia 4: corrección de impacto de la red de Lugo. *Tapa (Trabajos en Arqueología del Paisaje)*, 6. Santiago de Compostela: Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje.
- PÉREZ MATO, M. (2007): *Informe de Incidencias del control y seguimiento arqueológico de las obras de abastecimiento de agua a Lugo*. Informe inédito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia o 26 de novembro de 2007.